



DEPORTE
GALEGO



Campamento
Galego de
Veteranos



FEDERACIÓN
GALEGA DE
ESPELEOLOXÍA



Conferencia

Patrimonio Subterráneo da comarca de Verín

Casa da Cultura, Verín
(Ourense)

19:00 h - 27 de outubro de 2023



FEDERACIÓN
GALEGA DE
ESPELEOLOXÍA



cec
CONFEDERACIÓN DE
ESPELEOLoxÍA E CAVAS



CONFERENCIA

PATRIMONIO SUBTERRÁNEO DA COMARCA DE VERÍN

O venres 27 de Outubro na casa da Cultura de Verín, terá lugar unha conferencia aberta a tódolos interesados/as que se centrará en:



Amosar a paisaxe subterránea desta comarca, mostra dunha xeodiversidade, xeomorfodiversidade e biodiversidade que é moi diferente da que podades ver de cotío no territorio.

Descubrir como as covas e tódolo que agochan son recursos fráxiles e irrepetíbeis, fonte de datos científicos (paleoclimáticos, paleoambientais, arqueolóxicos, etnográficos,...), toda unha “biblioteca” que garda parte da historia da Terra, e que precisa de todos nos para a súa protección e conservación.



E, aproveitando este rico patrimonio natural, a Federación Galega de Espeleoloxía organiza nesta comarca o seu 5º Campamento Galego de Veteranos. As actividades están previstas para os días 28 e 29 de Outubro de 2023, o campamento base estará no concello de Castrelo do Val con actividades en 37 covas e minas localizadas nalgúns concellos da comarca, e arredores: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oimbra, Ríos, Verín, Vilardevós. Ofrecendo aos federados/as unha actividade espeleoloxía diferente, de marcado carácter científico-divulgativo e desenvolva nunha paisaxe subterránea realmente inédita para este colectivo.